



BOP

MARTES, 10 DE MARZO DE 2026

N.º 056

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Anuncio

MODIFICACION BASES

BASES PARA A SELECCIÓN E PROVISION POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE 37 PRAZAS DE BOMBEIRO-CONDUTOR DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

Con data 29 de agosto de 2025, dáse publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 198, ás bases que rexerán a convocatoria do proceso selectivo para a selección e provisión por concurso-oposición de 37 prazas de bombeiro-condutor do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

Presentados en prazo recursos de reposición contra o acordo de data 24/07/2025 polo que se aprobaron as Bases, e unha vez resoltos os mesmos, a Comisión Executiva do Consorcio Provincial de Lugo, en sesión celebrada o 28 de novembro do 2025, acorda modificar as bases nos seguintes termos:

1º) Modificar o punto 7 do apartado A da Base Terceira:

Onde di:

"Acreditación do coñecemento da lingua galega no nivel CELGA 2 ou equivalente, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicado no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007 así como o disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG núm. 34 do 19 de febreiro de 2014."

Debe dicir:

"Nivel de galego: CELGA 3 ou equivalente, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicado no DOG nº 146, do 30 de xullo de 2007 así como o disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG núm. 34 do 19 de febreiro de 2014."

2º) Modificar a Base Cuarta:

Onde di:

"Título acreditativo do nivel de galego, Celga 2."

Debe dicir:

"Título acreditativo do nivel de galego, Celga 3, no caso de dispor do mesmo."

3º) Modificar a Base Oitava:

Onde di:

"A fase de oposición consistirá na realización de cinco exercicios todos eles obrigatorios, e así mesmo eliminatorios, non podendo pasar ao seguinte exercicio, quen non superase o anterior con polo menos a puntuación mínima sinalada nestas bases para cada exercicio."

Debe dicir:

"A fase de oposición consistirá na realización de catro exercicios todos eles obrigatorios, e así mesmo eliminatorios, non podendo pasar ao seguinte exercicio, quen non superase o anterior con polo menos a puntuación mínima sinalada nestas bases para cada exercicio."

Onde di:

"PUBLICACIÓN"

Debe dicir:**“CUARTO EJERCICIO: PROBA DE GALEGO (APTO/NON APTO).**

En cumprimento do sinalado no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego e outro de galego para castelán, a proposta do Tribunal, nun tempo máximo de 30 minutos, cuxo contido corresponderá ao esixido para a obtención da acreditación do nivel de galego que se esixe na Base Terceira: CELGA 3.

Estarán exentos da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír, dentro do prazo de presentación de solicitudes, o nivel de galego esixido na Base Terceira.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio; cualificarase como apto ou non apto, sendo necesario obter o resultado de apto para superalo.

PUBLICACIÓN**4º) Modificar a Base Novena:****Onde di:**

“Para a cualificación dos exercicios da oposición o tribunal axustarase ao establecido nas presentes bases, tomando como referencia que a puntuación máxima a obter na fase de oposición será de 60 puntos e na fase de probas físicas serán 40 puntos. As probas físico – profesionais cualificaranse como Apto/a ou Non Apto.”

Debe dicir:

“Para a cualificación dos exercicios da oposición o tribunal axustarase ao establecido nas presentes bases, tomando como referencia que a puntuación máxima a obter na fase de oposición será de 60 puntos e na fase de probas físicas serán 40 puntos. As probas físico – profesionais e a proba de galego cualificaranse como Apto/a ou Non Apto/a.”

Onde di:**“Terceiro exercicio. PROBAS FÍSICO – PROFESIONAIS:**

Cualificarase de “APTO” ou “NON APTO”, sendo necesario obter o mínimo do perfil establecido para a proba.”

Debe dicir:**“Terceiro exercicio. PROBAS FÍSICO – PROFESIONAIS:**

Cualificarase de “APTO” ou “NON APTO”, sendo necesario obter o mínimo do perfil establecido para a proba.

Cuarto exercicio. PROBA DE GALEGO:

Cualificarase de “APTO” ou “NON APTO”, sendo necesario obter o resultado de Apto para superalo.”

5º) Modificar a Base Decimo Primeira:**Onde di:**

“Os/as aspirantes propostos deberán presentar na Secretaría do Consorcio, dentro do prazo de vinte días hábiles dende que se faga pública a resolución do Tribunal cualificador, os documentos acreditativos de reunir as condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, a saber:

- 1.- Orixinal para a súa autenticación do documento nacional de identidade.*
- 2.- Orixinal para a súa autenticación da titulación esixida na convocatoria, ou no seu caso certificación académica que acredite realizar todos os estudos necesarios para a obtención do título e resgardo xustificativo de solicitar a súa expedición.*
- 3.- Orixinal para a súa autenticación do permiso de condución esixido na convocatoria.*
- 4.- Declaración responsable de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin acharse inhabilitado por resolución xudicial para o desempeño de emprego ou cargo público.*
- 5.- Certificado do Rexistro central de penados e rebeldes do Ministerio de Xustiza acreditativo de carecer o aspirante de antecedentes penais.”*

Debe dicir:

“Os/as aspirantes propostos deberán presentar na Secretaría do Consorcio, dentro do prazo de vinte días hábiles dende que se faga pública a resolución do Tribunal cualificador, os documentos acreditativos de reunir as condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria, a saber:

- 1.- Orixinal para a súa autenticación do documento nacional de identidade.*
- 2.- Orixinal para a súa autenticación da titulación esixida na convocatoria, ou no seu caso certificación académica que acredite realizar todos os estudos necesarios para a obtención do título e resgardo xustificativo de solicitar a súa expedición.*

3.- Orixinal para a súa autenticación do permiso de condución esixido na convocatoria.

4.- Declaración responsable de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin acharse inhabilitado por resolución xudicial para o desempeño de emprego ou cargo público.

5.- Certificado do Rexistro central de penados e rebeldes do Ministerio de Xustiza acreditativo de carecer o aspirante de antecedentes penais.

6.- Orixinal para a súa autenticación, do título acreditativo do nivel de galego Celga 3 ou equivalente, no caso de que se dispuxese do mesmo no momento no que se presentou a solicitude para participar no proceso selectivo."

Detectado un erro material de transcripción nas táboas incluídas no apartado correspondente ao segundo exercicio – probas físicas, por acordo da Comisión Executiva, reunida o 03 de marzo do 2026, procede a súa rectificación nos seguintes termos:

Proba 4. EXERCICIO DE AXILIDADE. (Test de Barrow).

Onde di:

NOTA	TEMPO EN SEGUNDOS MASCULINO	TEMPO EN SEGUNDOS FEMININO
2,5	26"	32"
2,75	25,5"	31,5"
3	25"	31"
3,25	24,5"	30,5"
3,50	24"	30"
3,75	23,5"	29,5"
4	23"	29"
4,25	22,5"	28,5"
4,5	22"	28"
4,75	21,5"	27,5"
5	21"	27"

Debe dicir

NOTA	TEMPO EN SEGUNDOS MASCULINO	TEMPO EN SEGUNDOS FEMININO
2,5	28"	34"
2,75	27,5"	33,5"
3	27"	33"
3,25	26,5"	32,5"
3,50	26"	32"
3,75	25,5"	31,5"
4	25"	31"
4,25	24,5"	30,5"
4,5	24"	30"
4,75	23,5"	29,5"
5	23"	29"

Proba 5. PROBA DE NATACIÓN: Natación, mergullo con aletas, natación e remolque con aletas (150 metros)**Onde di:**

TEMPO HOMES	TEMPO MULLERES	PUNTUACIÓN
<i>2'25"00 o más</i>	<i>2'45"00 o más</i>	<i>Eliminado/a</i>
<i>Entre 2'16"00 y 2'24"00</i>	<i>Entre 2'35"00 y 2'44"00</i>	<i>0,00</i>
<i>Entre 2'07"00 y 2'15"00</i>	<i>Entre 2'25"00 y 2'34"00</i>	<i>1,00</i>
<i>Entre 1'58"00 y 2'06"00</i>	<i>Entre 2'15"00 y 2'24"00</i>	<i>2,00</i>
<i>Entre 1'49"00 y 1'57"00</i>	<i>Entre 2'05"00 y 2'14"00</i>	<i>3,00</i>
<i>Entre 1'40"00 y 1'48"00</i>	<i>Entre 1'55"00 y 2'04"00</i>	<i>4,00</i>
<i>Menos de 1'40"00</i>	<i>Menos de 1'55"00</i>	<i>5,00</i>

Debe dicir:

TEMPO HOMES	TEMPO MULLERES	PUNTUACIÓN
<i>2'40"00 o más</i>	<i>3'00"00 o más</i>	<i>Eliminado/a</i>
<i>Entre 2'31"00 y 2'39"00</i>	<i>Entre 2'51"00 y 2'59"00</i>	<i>0,00</i>
<i>Entre 2'22"00 y 2'30"00</i>	<i>Entre 2'42"00 y 2'50"00</i>	<i>1,00</i>
<i>Entre 2'13"00 y 2'21"00</i>	<i>Entre 2'33"00 y 2'41"00</i>	<i>2,00</i>
<i>Entre 2'04"00 y 2'12"00</i>	<i>Entre 2'24"00 y 2'32"00</i>	<i>3,00</i>
<i>Entre 1'55"00 y 2'03"00</i>	<i>Entre 2'15"00 y 2'23"00</i>	<i>4,00</i>
<i>Menos de 1'55"00</i>	<i>Menos de 2'15"00</i>	<i>5,00</i>

Lugo, 3 de marzo de 2026.- O secretario-interventor do Consorcio, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0558

Anuncio**OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO ANO 2026**

Por acordo da Comisión Executiva do Consorcio de data 03 de marzo de 2026, aprobouse a Oferta de Emprego Público do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento co seguinte contido:

"Analizadas as necesidades de recursos humanos do Consorcio Provincial de Lugo e resultando que nos Cadros de persoal funcionario e laboral desta Entidade e na Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente, aprobados xunto co Orzamento para o ano 2026, existen diversas prazas vacantes que resultan necesarias para o correcto funcionamento dos servizos.

As devanditas prazas e os correspondentes postos de traballo atópanse debidamente dotados orzamentariamente.

Así mesmo, faise constar que na presente Oferta de Emprego Público non se contempla reserva de prazas para persoas con discapacidade, sen prexuízo do disposto no artigo 59 do Estatuto Básico do Empregado Público, circunstancia que deberá ser tida en conta en futuras ofertas conforme á normativa vixente, xa que a porcentaxe recollida do 7% non da lugar a unha prazo do total.

En cumprimento do establecido nos artigos 36.3 e 37.1.I) do Estatuto Básico do Empregado Público, procédese a someter á Mesa Xeral de Negociación Común do Consorcio Provincial de Lugo (persoal funcionario e persoal laboral), na sesión celebrada o 24 de febreiro de 2026, a aprobación dos criterios xerais e do contido da Oferta de Emprego Público correspondente a ese exercicio.

1º.- Criterios xerais que rexerán a Oferta de Emprego Público:

A Oferta de Emprego Público do Consorcio Provincial de Lugo para o ano 2026 incluírá exclusivamente prazas de persoal de novo ingreso, mediante o sistema de quenda libre.

En consecuencia, os procesos selectivos que se deriven da presente Oferta desenvolveranse nunha única quenda de acceso —quenda libre— á que poderán concorrer todas as persoas aspirantes que reúnan os requisitos xerais e específicos esixidos pola normativa vixente para o acceso ao emprego público.

As prazas ofertadas corresponden a postos encadrados no ámbito da Administración Xeral, para persoal funcionario de carreira.

Propónse á Mesa Xeral de Negociación a adopción dun acordo unánime no sentido de que, con carácter xeral, o sistema selectivo aplicable aos procesos derivados desta Oferta de Emprego Público sexa o de **oposición/concurso-oposición**, segundo as características das prazas ofertadas de conformidade cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

Para a efectiva aplicación deste acordo, adoptaranse as medidas oportunas a fin de que as bases das correspondentes convocatorias se adapten ás características propias deste sistema selectivo, respectando en todo caso o disposto no Estatuto Básico do Empregado Público e na restante normativa de aplicación en materia de acceso á función pública.

As prazas que se inclúen na oferta son as recollidas no cadro de persoal do Consorcio Provincial e que representan as necesidades de funcionamento administrativo, estando provisionadas de forma interina (3 administrativos e 3 técnico)

No non previsto expresamente nos puntos anteriores, a Administración actuará conforme á lexislación vixente e aos criterios organizativos e de planificación que estime máis axeitados no exercicio das súas potestades de autoorganización.

2º.- Contido da OEP do CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO para o ano 2026:

- Réxime Xurídico: Persoal Funcionario de Carreira. Quenda libre. Acceso oposición/concurso oposición

Grupo/ Subgrupo	Nº de prazas	Denominación do posto	Área	Escala/Subescala
A1/A2	3	Técnico/a de Xestión administrativa	Administrativo-Financeira	Escala de Administración Xeral, subescala Técnica de Xestión
C1	3	Administrativo/a	Administrativo-Financeira	Escala de Administración Xeral, subescala Administrativa

Polo anteriormente exposto, e aos efectos oportunos, elévase a presente proposta á Comisión Executiva do Consorcio,

- Aprobación da Oferta de Emprego Público do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra Incendios e Salvamento para o ano 2026, e ordear a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia."

O que se fai público en cumprimento do determinado no art. 70.2 do RDL 5/2010, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, con indicación de que a presente Resolución é definitiva, polo que contra esta os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Comisión Executiva, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou recurso Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a citada publicación, na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que se poda interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Lugo, 3 de marzo de 2026.- O secretario-interventor do Consorcio, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0559

CONCELLOS**BÓVEDA****Anuncio****CORRECCIÓN DE ERROS**

No anuncio do BOP de Lugo núm. 033, de data 10 de febreiro de 2026, sobre as bases para a constitución dunha bolsa de traballo para a cobertura de persoal de atención do PAI do Concello de Bóveda (Lugo), en réxime de persoal laboral temporal, coa finalidade de substitución de postos de traballo:

Onde di:

*“As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaranse ao modelo que figura como Anexo II, irán dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Bóveda (Lugo) e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de atención ao público de 09:00 a 14:00 horas, durante o prazo de **dez (10) días hábiles**, contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.”*

Debe dicir:

*“As solicitudes para participar no proceso selectivo axustaranse ao modelo que figura como Anexo II, irán dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Bóveda (Lugo) e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de atención ao público de 09:00 a 14:00 horas, durante o prazo de **dez (10) días hábiles**, contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo”.*

Bóveda, 4 de marzo de 2026.- O alcalde, José Manuel Arias López.

R. 0560

CHANTADA**Anuncio**

Por Resolución de Alcaldía ditada con data 3 de marzo de 2026 aprobáronse as bases e convocatoria do proceso de selección para cubrir unha praza de técnico/a deportivo/a, persoal laboral fixo mediante concurso-oposición promoción interna, incluída na oferta de emprego público do ano 2024 publicada no BOP de Lugo nº 164 do 16/07/2024 e no Doga nº 150 do 05/08/2024, seguintes:

BASES E CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A PROVISION DUNHA PRAZA DE TECNICO/A DEPORTIVO/A PERSOAL LABORAL FIXO INCLUIDA NA OFERTA DE EMPREGO PUBLICO DO ANO 2024 POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICION PROMOCION INTERNA.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**1.1 Obxecto da convocatoria**

É obxecto das presentes bases a provisión, mediante persoal laboral fixo/a de unha praza de técnico/a deportivo/a que figuran como vacante e que foi obxecto de inclusión na Oferta de Emprego Público correspondente ao exercicio 2024 aprobada por Resolución da Alcaldía 2024-0650 de data 12/07/2024 e publicada no Boletín Oficial de Lugo nº 164 do 16/07/2024, cuxas características son:

CODIGO	GRUPO	NIVEL	Núm. VACANTES	DENOMINACIÓN	ACCESO
6116	III	15	1	TÉCNICO/A DEPORTIVO/A	PROMOCION INTERNA

1.2 Funcións da praza

As funcións a desenvolver serán as recollidas na Relación de Postos de Traballo do Concello de Chantada/código 6116.

1.3 Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Régime Local.
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de las disposiciones legales vixentes en materia de Régime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e los programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos persoal laboral fixos de Administración Local (de carácter supletorio).
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó Servizo da Administración Xeral do Estado.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- RD Lei 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empleado Público.(TREBEP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Régime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, del Deporte.

1.4 Procedemento de selección

A selección efectuarase mediante concurso-oposición promoción interna, debendo respectar en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia.

2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitido a realización das probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos eles á data en que finalice o prazo de presentación de instancias, debendo manterse os mesmos durante o desenrolo do proceso selectivo:

- a) Idade: ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación.
- b) Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a promoción interna circulación de traballadores.
- c) Titulación académica: estar en posesión da titulación esixible para acceso ó corpo de técnico deportivo, grupo III: estar en posesión ou en condición de obter o título de Técnico medio deportivo/Bacharelato ou equivalente. Así mesmo, observarse o establecido na Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño, pola que se establecen equivalencias cos títulos de graduado en educación secundaria obrigatoria e de bacharelato regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada mediante a Orde EDU/520/2011, do 7 de marzo.
- d) No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión da credencial que acredite a súa homologación; ademais, achegarse ao título a súa tradución xurada, non considerándose documentación válida no caso de non incorporar tal tradución oficial.
- e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario de calquera das Administracións Públicas nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas ou separado do exercicio de funcións públicas por sentenza firme, ou en situación equivalente para os nacionais doutro Estado (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia).
- f) Ter a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións e tarefas propias do posto (acreditarse na declaración xurada incluída na instancia). No suposto de aspirantes con grao recoñecido de minusvalía, que non supoña incapacidade para desempeño de posto de traballo, deberase referir tal situación na instancia, así como as adaptacións que se soliciten para realización de fase de oposición.
- g) Non estar incurso/a en causa de incompatibilidade específica acreditarse na declaración xurada incluída na instancia).
- h) Estar en posesión da titulación de lingua galega seguinte: Celga 4 ou equivalente. Este requisito será, no seu caso, substituído pola proba de avaliación.
- i) Pertencer como persoal laboral fixo a algún dos grupos IV da plantilla do Concello de Chantada con unha antigüidade de dous anos en activo. Os permisos e excedencias derivados da política de conciliación da vida laboral e familiar ou da política de loita contra a violencia de xénero computaranse como tempo de servizo prestado aos efectos do disposto nestas bases.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse polo menos ata a data de nomeamento, coa exclusión do especificado no apartado h).

3.- SOLICITUDES

3.1 As solicitudes para tomar parte no proceso selectivo, conforme ao modelo que figura como Anexo II das presentes bases dirixiranse ao Alcalde do Concello de Chantada, e presentaranse no Rexistro de entrada do Concello ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, no prazo de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio destas bases e convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*.

As bases íntegras publicanse no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*. Os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Chantada.

3.2. Xunto co modelo de solicitude (ANEXO II) as persoas aspirantes deberán achegar a seguinte documentación en documento orixinal ou copia:

- Fotocopia do DNI ou, de ser o caso, pasaporte.
- Declaración responsable de que cumpre todos os requisitos necesarios para se presentar ao proceso selectivo.
- Fotocopia compulsada do Título que permite o acceso ao Grupo III (Técnico medio deportivo/Bacharelato ou equivalente).

— Fotocopia do título de Celga 4 ou titulación equivalente.

— Listado ordenado de méritos a ter en conta á fase de concurso e méritos e circunstancias alegadas que deban ser valoradas.

Os aspirantes alegarán os méritos no modelo normalizado establecido ao efecto polo Concello de Chantada, de acordo coas seguintes instrucións:

a) Os méritos han de relacionarse de xeito claro, concreta e individualizada

b) Os méritos relativos á experiencia profesional deberán alegarse con indicación dos períodos de tempo de prestación de servizos. Os méritos relativos á experiencia profesional noutras Administracións Públicas acreditaranse mediante o certificado emitido pola Unidade de Persoal onde prestou os seus servizos, detallando categoría e tempo de dedicación.

c) Os cursos de formación acreditaranse mediante a presentación de fotocopias debidamente compulsadas da certificación, título ou diploma correspondente.

En ningún caso valoraranse os méritos non alegados na instancia, nin aqueloutros que non vaian acompañados da documentación anteriormente referida, debidamente compulsada.

4.- ADMISIÓN DE CANDIDATOS

4.1 Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía - Presidencia da Corporación ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello, constará a identidade dos aspirantes excluídos, con indicación das causas de exclusión.

4.2 Os aspirantes excluídos, así como os que non figuren na relación de admitidos nin na de excluídos dispoñerán dunha prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da Resolución, a fin de emendar o defecto que motive o seu exclusión ou a súa non inclusión expresa.

4.3 Unha vez finalizado o prazo de subsanacións, as reclamacións, si as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas pola Presidencia da Corporación, na resolución pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que será feita pública no Taboleiro de Edictos da sede do Concello. No caso de que non se formularan reclamacións quedará definitivamente aprobada a lista provisional.

5.- ÓRGANO DE SELECCIÓN.

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, ol persoal laboral fixo interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Por Decreto da Alcaldía establecerase a composición do órgano de selección que, en todo caso, estará composto por:

Presidencia (Titular e suplente): Unha persoa funcionaria de carreira ou laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- Vogalías (Titulares e suplentes): Tres persoas funcionarias de carreira ou laborais fixos pertencentes a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- Secretaría (Titular e suplente): Unha persoa funcionaria de carreira ou laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

6.- SISTEMA SELECTIVO.

O sistema de selección será o concurso-oposición, a fase de oposición será previa a do concurso

6.1.Fase de Oposición.

6.1.1. Puntuación máxima:

Na fase de oposición valoraranse ata un máximo de 30 puntos.

6.1.2. Celebración dos exercicios:

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios, serán anunciados oportunamente no taboleiro de anuncios da sede electrónica <https://chantada.sedelectronica.es>, en consonancia coas presentes bases.

6.1.3. Criterios de valoración na fase de oposición:

A fase de oposición consistirá na realización de dous exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo os contidos e cualificacións os que de seguido se describen:

— Primeiro exercicio:

Consistente na realización dun cuestionario tipo test con 20 preguntas (mais 4 de reserva) con 4 respostas alternativas nun tempo máximo de 25 minutos sobre as materias comprendidas no Temario establecido no Bloque I do Anexo I desta convocatoria.

O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, sendo necesario alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalo, sendo eliminados aqueles aspirantes que non o obteñan. A puntuación calcularase de acordo cos seguintes criterios:

- Por cada resposta correcta outórgaselle 0,50 puntos.
- Por cada resposta incorrecta descontarase 0,05 puntos.
- As respostas en branco non puntúan.

— Segundo exercicio:

Consistirá na resolución, por escrito de un ou varios supostos prácticos referentes ás funcións da praza que o Tribunal determine, durante un tempo máximo de 90 minutos. O suposto práctico estará relacionado coas materias que figuran no Bloque II do Anexo I desta convocatoria, podendo os aspirantes consultar textos legais non comentados e que non conteñan anotacións. Non se poderán utilizar, en ningún caso, manuais, mementos ou tutoriais, nin documentos que conteñan explicacións ou referencias prácticas.

Puntuarase o nivel de resolución dos casos prácticos en relación ao coñecemento da materia, a claridade e orde na exposición da resolución, así como a aplicación da normativa correcta ao caso, podéndose solicitar a súa lectura polo Tribunal.

O Tribunal poderá valorar negativamente a resposta a cuestións que non veñan formuladas nos casos prácticos.

Puntuación máxima: 20 puntos, sendo eliminados aqueles aspirantes que non obteñan unha puntuación mínima de 10 puntos.

— Exercicio sobre o coñecemento da lingua galega:

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que: “[...], para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.”

Polo tanto, o exercicio consistirá en realizar unha proba escrita sobre o coñecemento da lingua galega. As persoas aspirantes deberán traducir un texto, facilitado polo Tribunal, de castelán para o galego ou de galego para o castelán. Esta proba terá unha duración de 30 minutos e cualificarase de “apto/a” ou “non apto/a”, quedando eliminadas as persoas aspirantes que non acaden a cualificación de apto ou apta, a cal obterán as persoas aspirantes que cometan 20 ou menos faltas de ortografía. Consideraranse como falta de ortografía as palabras escritas completamente en letras maiúsculas.

Estarán exentas da realización deste exercicio as persoas aspirantes que teñan acreditado o coñecemento da lingua galega, mediante a presentación do correspondente certificado de aptitude do curso de perfeccionamento da lingua galega, ou Celga 4, ou equivalente, dentro do prazo de presentación de solicitudes.

6.1.4. Publicación dos resultados dos exercicios da fase oposición:

As puntuacións obtidas polos aspirantes nos exercicios da fase de oposición publicaranse na sede electrónica <https://chantada.sedelectronica.es>.

Concederase un prazo de 2 días hábiles para os efectos de alegacións polos aspirantes, que se contará desde a data de publicación dos resultados dos exercicios da fase oposición.

Rematado o prazo de alegacións, e resoltas estas, o tribunal publicará os resultados definitivos dos exercicios da fase de oposición no taboleiro da sede electrónica <https://chantada.sedelectronica.es>

6.2. Fase de concurso:

Na fase de concurso valoráranse ata un máximo de 20 puntos os méritos achegados polas persoas aspirantes, aplicando os criterios que se relacionan a continuación:

Por servizos prestados máximo 10 puntos:

6.2.1- Por servizos prestados na Administración Pública en prazas de monitor deportivo/a. Máximo 9 puntos.

Puntuación: 0,15 puntos por cada mes completo de servizos prestados.

6.2.2- Por servizos prestados en calquera Administración Pública nunha praza de técnico deportivo. Máximo 1 punto.

Puntuación: 0,05 puntos por mes completo de servizo.

Os servizos prestados na función pública acreditaranse, exclusivamente, mediante certificación expedida pola Administración competente con expresión da relación xurídica (persoal laboral ou funcionario), praza e posto de traballo desempeñados, data de toma de posesión e/ou cesamento ou período de prestación efectiva de servizos.

Os servizos prestados que non se acrediten segundo o establecido nestas bases non poderán ser valorados polo tribunal en ningún caso.

Por cursos de formación. Máximo 10 puntos.

6.2.3- Titulación de Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (CCAFYDE) . Se valora 5 puntos.

6.2.4- Titulación técnico superior en deportes . Se valora 3 puntos

6.2.5- Título Profesional Básico en Acceso y Conservación en Instalaciones Deportivas. Se valora 1 punto

6.2.6- Cursos de formación e perfeccionamento sobre materias relativas á praza de técnico deportivo (socorrismo, entrenador) Se valora 0,01 puntos por hora/curso. Máximo 1 punto.

O tribunal decidirá se os cursos presentados polas persoas aspirantes están relacionados directamente coas funcións dun/dunha técnico deportivo/a.

Os cursos deberán ser impartidos por Administracións públicas, organismos públicos, colexios profesionais, centros legalmente autorizados e recoñecidos polos anteriores, sendo formación homologada ou no marco de calquera dos acordos de formación continua ou formación para o emprego das Administracións Públicas.

Para a valoración dos cursos será preciso presentar diploma ou certificación onde conste o nome do curso, horas de duración, Temario e entidade que impartiu o curso. Se falta algún de estos extremos non se poderá valorar a formación.

6.2.7- Publicación dos resultados dos exercicios da fase de concurso: As puntuacións obtidas polos aspirantes na fase de concurso publicaranse na sede electrónica <https://chantada.sedelectronica.es>

Os aspirantes dispoñerán dun prazo de 2 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da cualificación da fase de concurso para facer alegacións, cuxa resolución farase pública antes de que finalice a fase de oposición.

7.- CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.

A cualificación final virá determinada pola suma da fase de concurso e máis a de oposición, sempre e cando se teña superado a fase de oposición cun mínimo de 15 puntos. En caso de empate entre as persoas aspirantes tomarase como referencia primeiramente a maior puntuación no primeiro exercicio da fase de oposición e de persistir, o segundo exercicio da mesma, e despois o terceiro. De seguir persistindo o empate, a maior puntuación no apartados 6.2.4 da fase de concurso. De seguir persistindo o empate, este resolverase por sorteo.

8.- LISTA DE APROBADOS E PROPOSTA DO TRIBUNAL CALIFICADOR.

Rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro da sede electrónica <https://chantada.sedelectronica.es>.

Simultaneamente á súa publicación, o Tribunal Cualificador elevará a relación expresada á Alcaldía-Presidencia, propoñendo o nomeamento dos/as aspirantes aprobados/as.

9.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

9.1 Os/as aspirantes que superen o proceso selectivo, previamente ao seu nomeamento presentarán a este Concello, sempre que non obren en poder da Administración por telos presentado antes, a través do Rexistro Xeneral os documentos seguintes:

- Copia compulsada ou copia auténtica de:
- Relación de méritos alegados achegados e documentos xustificativos dos mesmos.
- Fotocopia da titulación académica esixida na convocatoria.

- Fotocopia do título de Celga 4 ou titulación equivalente.
- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración xurada de non atoparse en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificado de conta bancaria.

9.2. O prazo de presentación de documentos será de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da lista de aprobados no Taboleiro de Edictos do Concello.

9.3 Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación, ou do exame da mesma deducíse que carece dalgún dos requisitos sinalados na base segunda, non poderán ser nomeados, quedando anuladas todas as actuacións relacionadas cos mesmos, sen prexuízo da responsabilidade en que houbesen incurso por falsidade na solicitude de participación.

10.- PROPOSTA FINAL E NOMEAMENTO.

Concluído o proceso selectivo e aportada a documentación correspondente o nomeamento corresponderá á Alcaldía, na súa condición de xefatura directa do persoal, e será obxecto de publicación no *Boletín Oficial da provincia*.

Unha vez publicado o nomeamento, deberase proceder á toma de posesión dentro do prazo dun mes a partir da publicación, tal e como establece o artigo 60 na letra e) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Quen sen causa xustificada, salvo casos de forza maior, non tome posesión ou non se acuda no prazo sinalado, decaerá nos seus dereitos.

As persoas que resulten nomeadas estarás sometidas ao réxime de incompatibilidades que establece a Lei 53/1984, do 26 de decembro, e outras incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

11.- RÉXIME DE IMPUGNACIÓNS.

As bases de convocatoria e cantos actos administrativos derívense delas e da actuación do Tribunal Calificador, poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderá interpoñerse polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, a partir do día seguinte ao da publicación do seu anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, o RDL 5/2015, de 30 de outubro, do Estatuto básico do empregado público, o Regulamento xeral de ingreso do persoal, ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos persoal laboral fixos civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, de 10 de marzo; a Lei 30/1984, de medidas para a reforma da función pública no que non fose derogado polo Estatuto básico do empregado público, o Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local e a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

ANEXO I.- TEMARIO.

BLOQUE I.

Tema 1.- A Constitución Española de 1978. Estrutura e principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois. A súa garantía e suspensión. O Tribunal Constitucional: composición e funcións. A reforma da Constitución.

Tema 2.- A Organización do Estado na Constitución: organización institucional ou política e organización territorial. A Coroa. As Cortes Xerais: referencia ao Defensor do Pobo e ao Tribunal de Contas.

Tema 3.- Os contratos do sector público. Normativa vixente. Obxecto e ámbito de aplicación. Clases de contratos e regulación. Disposicións xerais sobre a contratación do sector público.

Tema 4.- As persoas ante a actividade da Administración: dereitos e obrigas. O interesado: concepto, capacidade de obrar e representación. A identificación dos interesados e os seus dereitos no procedemento.

Tema 5.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril do Estatuto de Autonomía de Galicia: títulos preliminar, I e II.

Tema 6.- O Municipio: concepto e elementos. O termo municipal. A poboación: especial referencia ao empadramento. A organización. Competencias municipais.

Tema 7.- A potestade regulamentaria das Entidades Locais. Órganos titulares. Regulamento Orgánico e ordenanzas. Distinción, procedemento de elaboración e aprobación. A publicación das normas locais.

Tema 8.- A protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LO 3/2018, de 5 de decembro).

Tema 9.- Actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos (Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo).

Tema 10.- Dereito de acceso á información pública previsto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno

Tema 11.- O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. Requisitos: A motivación e forma.

Tema 12.- A notificación: contido, prazo e práctica en papel e a través de medios electrónicos. A notificación infrutuosa. A publicación. Os medios electrónicos aplicados ao procedemento administrativo común.

Tema 13.- A executividade dos actos administrativos: o principio de autotutela executiva. A execución forzosa dos actos administrativos: os seus medios e principios de utilización. A coacción administrativa directa. A vía de feito.

Tema 14.- A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. O principio de conservación do acto administrativo.

Tema 15.- A iniciación do procedemento: Clases, corrección e mellora de solicitudes. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións. Os rexistros administrativos. Termos e prazos: Cómputo, ampliación e tramitación de urxencia. Ordenación. Instrución: Intervención dos interesados, proba e informes.

Tema 16.- Terminación do procedemento. A obrigação de resolver. Contido da resolución expresa: Principios de congruencia e de non agravación da situación inicial. A terminación convencional.

Tema 17.- O incumprimento dos prazos para resolver e os seus efectos. A falta de resolución expresa: o réxime do silencio administrativo. O disenso e a renuncia. A caducidade.

Tema 18.- A revisión de actos e disposicións pola propia Administración: supostos. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais ou de feito. A acción de nulidade, procedemento, límites. A declaración de lesividade.

Tema 19.- Recursos administrativos: Principios xerais. Actos susceptibles de recurso administrativo. Regras xerais de tramitación dos recursos administrativos. Clases de recursos. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: Conciliación, mediación e arbitraje.

Tema 20.- As formas da actividade administrativa. O servizo público. Concepto. As formas de xestión dos servizos públicos. A iniciativa económica pública e os servizos públicos.

Tema 21.- O persoal ao servizo das Administracións Públicas. Dereitos e deberes. Código de conduta dos empregados públicos. Adquisición e perda da relación de servizo. Situacións administrativas. Réxime disciplinario.

Tema 22.- Facendas Locais. Clasificación dos ingresos. As ordenanzas fiscais. Recadación dos tributos locais en vía voluntaria e en vía executiva. O procedemento de prema.

Tema 23.- Os orzamentos Locais. Principios orzamentarios Procedemento de aprobación. Contido. Réxime de impugnación. Fases de execución dos orzamentos.

Tema 24.- Os tributos locais: o Imposto Bens Inmóveis, o Imposto Actividades Económicas, o Imposto Vehículos Tracción Mecánica, o Imposto Construcións Instalacións e Obras e o Imposto do Incremento Valor Terreos Natureza Urbana

Tema 25.- Concepto de documento. Formación do expediente. Rexistro de documentos. Rexistro xeral de entrada e saída de documentos. Concepto de arquivo. Funcións do arquivo. Clases de arquivo. Criterios de ordenación do arquivo.

BOQUE II

Tema 26.- Lei 39/2022, do 30 de decembro, do Deporte. Principios xerais da ordenación deportiva.

Tema 27. Lei 39/2022, do 30 de decembro, do Deporte. Organización administrativa do deporte.

Tema 28. Lei 39/2022, do 30 de decembro, do Deporte. As entidades deportivas.

Tema 29. Lei 39/2022, do 30 de decembro, do Deporte. A actividade deportiva.

Tema 30. Lei 39/2022, do 30 de decembro, do Deporte. Solución de conflitos no deporte.

Tema 31. Lei 39/2022, do 30 de decembro, do Deporte. Planificación das instalacións deportivas ao servizo do deporte.

Tema 32. Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia. Disposicións xerais. Competencias das administración públicas en materia de deporte. Actividade deportiva e actividade física.

Tema 33. Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia. Actividade deportiva e actividade física.

Tema 34. Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia. Axentes da actividade física.

Tema 35. Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia. Investigación e formación do persoal técnico-deportivo.

Tema 36. Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia. Instalacións deportivas.

Tema 37. Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia. A xurisdición deportiva: o Comité Galego de Disciplina Deportiva.

Tema 38. Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia. A actuación autonómica en materia de prevención e loita contra o dopaxe no deporte.

Tema 39. Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia. Actuación pública na prevención e represión da violencia e das condutas contrarias ao bo orde deportivo.

Tema 40.- As instalacións deportivas do municipio de Chantada. Xestión específica das piscinas. Persoal, mantemento, subministracións e cumprimento de lexislación sanitaria.

Chantada, 4 de marzo de 2026.- O alcalde-presidente, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

ANEXO II. MODELO SOLICITUDE DE PARTICIPACION PROCESO SELECTIVO 1 PRAZA TÉCNICO DEPORTIVO/A OPE2024 PROMOCION INTERNA

NOME			
APELIDOS			
N.I.F.		TELÉFONO	
DOMICILIO			
MUNICIPIO		CÓDIGO POSTAL	
NOTIFICACIÓN	☐ Notificación electrónica: email: ☐ Notificación Postal		

EXPOÑO:

I. Que desexo participar na CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE TÉCNICO/A DEPORTIVO/A (PERSOAL LABORAL FIXO/A) INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2024 DO CONCELLO DE CHANTADA.

II. Que declaro, baixo a miña responsabilidade, reunir todos os requisitos esixidos para poder participar no antedito proceso selectivo (referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación desta solicitude), segundo o previsto nas súas bases reguladoras, que coñezo e acepto; declarando, ademais, a veracidade do que aquí expoño, así como dos datos que figuran nesta instancia, comprométome a xustificalo documentalmentemente cando así sexa requirido/a.

Polo exposto, SOLICITO:

Ser admitido/a no dito proceso selectivo; achegando, para estes efectos, e con arranxo ao disposto na base 2 das bases reguladoras, a seguinte documentación (marcar con "X"):

- ☐ Copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente .
- ☐ Documento acreditativo de estar en posesión do título requirido.
- ☐ Documento acreditativo de estar en posesión do CELGA 3 (ou equivalentes).
- ☐ Como aspirante con discapacidade legalmente recoñecida achego certificación/documentación acreditativa de dita condición.
- ☐ No seu caso, solicito adaptación para as probas a desenvolver..
- ☐ Elección da lingua de realización dos exercicios (marcar con "X"): Galego ☐ Castelán ☐

PROTECCION DE DATOS PERSOAIS

O presente proceso selectivo está rexido polo principio de publicidade, polo que a participación no mesmo supón a aceptación por parte das persoas aspirantes do tratamento dos seus datos de carácter persoal que nos faciliten na súa solicitude, para a publicación nos boletíns oficiais, taboleiros de anuncios, páxina Web e outros medios de difusión dos resultados parciais e definitivos do proceso selectivo. Infórmase de que, de conformidade co disposto no REGULAMENTO (UE)2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO e DO CONSELLO, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á promoción interna circulación destes datos, e a LO 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, os datos de carácter persoal obtidos na solicitude de participación no proceso selectivo serán recollidos no tratamento "Persoal", responsabilidade do concello de Chantada. O tratamento está recollido no Rexistro de Actividades de tratamento e conta coas medidas de seguridade necesarias para garantir a total seguridade dos datos. En calquera caso, a suscripción da solicitude implica que a persona solicitante resulta informada e dá o seu consentimento ao tratamento dos seus datos para a finalidade mencionada. Ten dereito ao acceso, rectificación, supresión e oposición ao tratamento dos seus datos. Fun informado de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.

Chantada, a de de 2026

Asdo. o/a solicitante.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANTADA

ANEXO III

DOCUMENTO DE AUTOVALORACION-FASE DE CONCURSO TÉCNICO DE PORTIVO

APELIDOS E NOME	D.N.I., NIE, Pasaporte

FASE DE CONCURSO – Máximo 20 puntos

EXPERIENCIA (Máximo 10 puntos)

- Por servizos prestados na Administración Pública en prazas de monitor deportivo/a. Máximo 9 puntos. Puntuación: 0,15 puntos por cada mes completo de servizos prestados.

- Por servizos prestados en calquera Administración Pública nunha praza de técnico deportivo. Máximo 1 punto. Puntuación: 0,05 puntos por mes completo de servizo.

***Aportar certificado de Servizos prestados.**

Entidade	Posto	Duración

FORMACION: Máximo 10 puntos.

- Titulación de Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (CCAFYDE). Se valora 5 puntos.

- Titulación técnico superior en deportes. Se valora 3 puntos

- Título Profesional Básico en Acceso e Conservación en Instalacións Deportivas. Se valora 1 punto

- Cursos de formación e perfeccionamento sobre materias relativas á praza de técnico deportivo (socorrismo, entrenador) Se valora 0,01 puntos por hora/curso. Máximo 1 punto.

DENOMINACION	HORAS	PUNTOS
	TOTAL	

En Chantada, a de de 2026

Asdo.:

R. 0561

O CORGO

Anuncio

NOMEAMENTO DE TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DUN/HA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, PERSOAL LABORAL FIXO

Esta alcaldía, por Resolución do 2 de marzo de 2026, e de conformidade co previsto nas bases da convocatoria de selección dun/ha auxiliar de axuda no fogar, persoal laboral fixo do Concello do Corgo, nomeou o tribunal cualificador, que estará composto polos seguintes membros:

- PRESIDENTE: M^a Dolores Rodríguez Gómez, Traballadora Social do Concello de Taboada
- SECRETARIO: Marco A. García-Gabilán Sangil, Secretario-Interventor do Concello do Corgo
- 1º VOGAL: Natalia Puente Piñeiro, Traballadora Social do Concello de Begonte
- 2º VOGAL: M^a Isabel Castedo González, Traballadora Social do Concello do Corgo
- 3º VOGAL: Sonia Tallón Parga, Traballadora Social do Concello do Corgo

SUPLENTE:

- SUPLENTE DO PRESIDENTE: Ana J. Fernández Reija, Xefe de Sección-Administrativo do Concello do Corgo
- SUPLENTE DO SECRETARIO: Belén López López, Secretaria do Concello de A Pastoriza.
- SUPLENTE DO 1º VOGAL: Esperanza Sal Castedo, auxiliar de axuda no fogar do Concello do Corgo
- SUPLENTE DO 2º VOGAL: M^a Luisa Ribeira Seijas, auxiliar de axuda no fogar do Concello do Corgo
- SUPLENTE DO 3º VOGAL: M^a del Mar Marey Rodríguez, auxiliar administrativo do Concello do Corgo.

Así mesmo, sinalou como data de constitución do tribunal o **día 20 de abril DE 2026, luns, ás 13:00 na Casa do Concello do Corgo.**

O Corgo, 2 de marzo de 2026.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 0562

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o padrón fiscal do servizo público de centro de día correspondente ao mes de **FEBREIRO DE 2026**, integrado por 20 recibos por importe total de 7.499,63 €.

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de **2026**, terá lugar no prazo de dous meses dende a publicación do edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o mesmo procederase a esixir as débedas cos xuros de mora e os recargos de acordo coa artigos 26 e 28 da Lei 58/2003 Xeral tributaria.

Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns

Guitiriz, 26 de febreiro de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0563

POL

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía, de data 02 de marzo de 2026, procedeuse á aprobación do Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de febreiro de 2026, que se expón ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar contra os mesmos as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos, ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Pol, 2 de marzo de 2026.- O alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 0566

RIBADEO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 03/2026

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario do día 27/01/2026, sobre o expediente de modificación de créditos núm. 03/2026 do orzamento en vigor, na modalidade de TRANSFERENCIA de crédito distinta área de gasto, pola cantidade de **102.375,91** euros, que se fai público resumido por capítulos:

ESTADO DE GASTOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A.- Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Gastos de Persoal	5.362.781,70	+102.375,81	5.465.157,51
2	Gastos B. Correntes e Servizos	4.978.655,19	0	4.978.581,34
3	Gastos Financeiros	65.371,83	0	65.371,83
4	Transferencias Correntes	450.545,72	0	450.545,72
5	Fondo de continxencia	308.000,00	-102.375,81	205.624,19
A.2 Operacións de Capital				
6	Investimentos Reais	527.138,15		500.000,00
7	Transferencias de Capital	342.000,00	0	342.000,00
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	28.005,06	0	28.005,06
9	Pasivos Financeiros	217.603,51	0	217.603,51
Total		12.280.101,16		12.280.101,16

ESTADO DE INGRESOS				
Capítulo	Denominación	Anterior	Modificación	Actual
A.- Operacións non financeiras				
A.1 Operacións Correntes				
1	Impostos Directos	2.914.000,00	0	2.914.000,00
2	Impostos Indirectos	900.000,00	0	900.000,00
3	Taxas e outros Ingresos	3.531.542,70	0	3.531.542,70
4	Transferencias Correntes	4.373.792,74	0	4.373.792,74
5	Ingresos Patrimoniais	12.809,02	0	12.809,02
A.2 Operacións de Capital				
6	Alleamento de Investimentos Reais	0.00	0	0.00
7	Transferencias de Capital	0.00	0	2.846.849,48
B.- Operacións financeiras				
8	Activos Financeiros	28.980,00	0	28.980,00
9	Pasivos Financeiros	518.976,70	0	518.976,70
Total		12.280.101,16	0	12.280.101,16

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 171 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto, consonte o establecido no artigo 171.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do dito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Ribadeo, 4 de marzo de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 0564

RIBAS DE SIL

Anuncio

Aprobados por Decretos da Alcaldía de data 3/03/2026 os padróns do prezo público polo servizo de madrugadores dos meses de xaneiro e febreiro de 2026, e por decreto do 2/03/2026 o padrón de SAF do mes de febreiro; por medio do presente expóñense ao público por prazo de 20 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación do devandito padrón poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 3 de marzo de 2026.- O alcalde, Roberto Castro González.

R. 0565

NOTARÍA

Anuncio

Juan José López Yáñez, Notario del Ilustre Colegio de Galicia con residencia en Sarria,

Hago constar:

Que en esta Notaria de Sarria, sita en la calle Gran Vía, nº9, Bajo se tramita ACTA DE PARTICIÓN CONFORME A LA LEY GALLEGA, con el fin de proceder a la partición de la herencia de los causantes DOÑA DOLORES DOCE LÓPEZ Y DON RAMIRO SEIJIDO DOCE

Que entre los herederos de los citados causantes se encuentra el siguiente respecto al cual no se ha podido realizar notificación:

DOÑA MARÍA PÉREZ DOCE.

Que se le comunica a dicha interesada o a cualquiera que tenga interés en dicha herencia lo siguiente:

Durante un plazo que finalizará en un plazo de treinta hábiles desde la publicación del presente EDICTO podrán los interesados comparecer en mi notaria, sita en la calle Gran Vía, nº9-bajo de la villa de Sarria (Lugo), en horas de despacho, para oponerse a la tramitación de la misma, proponer nuevos contadores-partidores o alegar lo que estimen oportuno en defensa de sus derechos.

Sarria, 4 de marzo de 2026.- El notario, Juan José López Yáñez.

R. 0567